

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

Modificación das Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a selección, baixo a modalidade de contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado, a xornada completa dun/ha técnico/a en xestión cultural do Concello de Vimianzo

Faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 600/2017 de data 08/06/2017, pola que se modifican a base terceira das que rexe o procedemento para a formación dunha bolsa de emprego para a selección dun/ha técnico/a en xestión cultural do Concello de Vimianzo (que foran publicadas no BOP n.º 91 do 16/05/2017), que se transcribe literalmente:

“RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: MODIFICACIÓN das BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO, A XORNADA COMPLETA DUN/HA TÉCNICO/A EN XESTIÓN CULTURAL DO CONCELLO DE VIMIANZO. Expediente 2017/E001/000002.

Tendo en conta que este concello ten solicitada unha subvención á Deputación para contratar persoal técnico en xestión cultural, ao abeiro do programa de subvencións a concellos e entidades locais cuxas bases foron publicadas no BOP n.º 14 do 20 de xaneiro de 2017, por Resolución da Alcaldía núm. 476/2017 de data 10/05/2017 aprobaronse as bases que han de rexer o proceso selectivo. As bases foron publicadas íntegramente no BOP n.º 91 do 16/05/2017.

Detectado erro por omisión na base terceira, no que respecta aos requisitos específicos, posto que non se incluiu posuír o CELGA 4 ou equivalente, tal como esixen as bases da Deputación. En consecuencia, procede modificar a base terceira, e abrir un novo prazo de presentación de instancias.

Por medio da presente **RESOLVO**:

Primeiro.- Modificar as bases para a formación dunha bolsa de emprego para a selección dun/ha técnico/a de xestión cultural, en concreto a base terceira, no que respecta aos requisitos específicos, que quedaría redactada do seguinte xeito:

Terceira.- Requisitos dos aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a estas prazas:

(...) **REQUISITOS ESPECÍFICOS:**

e) Titulación universitaria superior (licenciatura).

f) Formación específica superior en xestión cultural: mestrados ou posgraos universitarios relacionados coa xestión cultural, curso universitario de experto/a en xestión cultural.

g) CELGA 4 ou equivalente

h) Permiso de conducir B

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Segundo.- Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, outorgando un prazo de cinco días naturais dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP para a presentación de instancias.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde, en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria”

Vimianzo, a 8 de xuño de 2017

O alcalde, Manuel Antelo Pazos